

Criterios e propostas do Grupo Municipal do BNG cara a elaboración do Plan de Reactivación Económica e Social da Coruña de 2021 (PRESCO).

Criterios xerais.

- Combinar dous eixos básicos:
 - Eixo social, destinado a afortalar os servizos e prestacións para facer fronte ás consecuencias sociais da pandemia e evitar situacións de exclusión.
 - Eixo económico, a través de axudas a persoas autónomas e PEMES, incentivos ao consumo para dinamizar a economía a través dos bonos PRESCO e outras medidas.
- **Información máis áxil e eficaz** para asegurar que os/as potenciais beneficiarios/as das axudas coñezan a súa existencia e os requisitos esixidos e, do mesmo xeito, o conxunto da cidadanía sexa coñecedora das condicións para beneficiarse dos incentivos ao consumo a través dos Bonos PRESCO. A parte da campaña informativa, reforzar o servizo de asesoramento e atención a consultas.

MEDIDAS SOCIAIS.

- **Dotar de recursos e flexibilizar as condicións de acceso a Renda Social Municipal e as Axudas de Emerxencia Social** para afrontar as necesidades das e dos menores, familias desfavorecidas e persoas afectadas polo impacto socioeconómico da pandemia.
- **Reforzo dos servizos e axudas sociais destinadas aos sectores máis vulnerábeis**, asignando máis recursos e ampliando as persoas beneficiarias (comedores sociais, bolsas comedor, talón restaurante, servizo de axuda a domicilio, bonotaxi, aloxamento de persoas sen fogar...).
- **Reforzo dos servizos para facer fronte á violencia machista**. Coordinar con outras administracións un protocolo de atención e seguimento ás vítimas.

MEDIDAS ECONÓMICAS.

Axudas a persoas autónomas e PEMES.

- Concentrar as axudas en liñas que complementen as axudas establecidas por outras administracións, evitando duplicidades, e orientadas a asegurar o mantemento da actividade e o emprego.
- **Simplificar e axilizar a súa tramitación** para evitar retrasos na concesión e recepción as mesmas. Con tal fin, reforzarase o servizo e establecerase como mecanismo para a presentación de solicitudes o acompañamento da instancia principal dunha **declaración responsábel** na que as persoas

solicitantes declaren, baixo á súa responsabilidade, que cumpren con todos os requisitos esixidos para acceder á axuda que se solicita.

- **Flexibilizar os criterios nas denegacións por impagos á facenda local**, denegando só aquelas axudas nas que as persoas solicitantes tivesen máis de dous apercibimentos por impagos ou retrasos nos pagos. Contemplar, así mesmo, que a concesión das axudas estea condicionada á detracción de parte do seu montante para custear os impagos á facenda local.

Incentivos ao consumo para dinamizar a economía a través dos bonos PRESCO.

- Asegurar que a aplicación poida ser descargada en todos os dispositivos electrónicos e establecer tamén a existencia de **bonos físicos**, para evitar situacións de exclusión por dificultades de acceso ás novas tecnoloxías.
- **Estender os bonos a outros segmentos** que están a sufrir con particular intensidade as consecuencias da crise, en particular salón de peiteados, axencias de viaxes e taxis.
- Establecer un **novo sistema de bonos ou descontos na hostalaría**, adaptados ás características do sector, contemplando a posibilidade de descontos por porcentaxe do total consumido.
- **Estender os bonos cultura a outros “consumos culturais”** alén das librarías (teatro, cinema, concertos, etc).

Outras medidas específicas destinadas ao comercio e á hostalaría.

- Promover, en cooperación coas asociacións do sector, unha **plataforma de libre adhesión, dirixida ao pequeno comercio, de venda por internet e entrega a domicilio.**
- Desenvolver a **bolsa de baixos comerciais** en réxime de alugueiro.
- Impulsar **campañas para incentivar o consumo no comercio e hostalaría local** e a creación dun **imaxe de marca** que contribúa a súa posta en valor.

Outras medidas específicas destinadas á cultura.

- Posta en marcha dun **amplo programa de actividades culturais**, con eventos en todos os barrios da cidade e contando de xeito preferente coas traballadoras e traballadores da cultura locais.
- **Medidas específicas para asegurar o mantemento das salas de concertos e locais con actuacións musicais en vivo:** integración dos mesmos, a través de acordos cos locais, na programación cultural municipal, contemplando ademais de actividades presenciais a programación en streaming se as restricións impiden presenza de público.
- Nova convocatoria de **bolsas de creación artística para artistas individuais.**

- Desenvolver unha **liña de axudas económicas cuxas beneficiarias e beneficiarios sexan as creadoras e creadores locais**, das diferentes disciplinas artísticas, a cambio, por unha banda, de que abran os seus estudos, lugares de ensaio ou de creación artística e, por outra, de que leven a cabo unha programación anual aberta ao público (en aplicación da moción aprobada no pleno ordinario de novembro de 2020).

Outras medidas.

- Programa de cualificación profesional. **Accións de formación e fomento da reinserción no mercado laboral** dirixidas especificamente ás persoas que perdan o emprego nos sectores particularmente afectados pola crise actual (hostalaría, comercio,...).
- Dinamizar a constitución e posta en marcha dos traballos do **Consello Económico e Social**, concebido como un marco de diálogo e consulta permanente cos axentes sociais. Impulso á elaboración dun **Plan de desenvolvemento e industrialización da Coruña e área metropolitana**, que aposte pola diversificación económica e actividades de alto valor engadido.
- Establecemento dunha **liña de axudas a entidades sociais** para facer fronte ao seu gasto corrente e contribuír ao mantemento da súa actividade ordinaria.